

Por Resolución do 13 de marzo de 2024, da Presidencia do Parlamento de Galicia, convocouse e aprobáronse as bases para a provisión, polo sistema de concurso, dun posto de traballo do corpo administrativo no Servizo de Publicacións.

A base quinta da devandita resolución establece que "a comisión de méritos, no prazo non superior a un mes, contado desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de instancias, publicará na web do Parlamento de Galicia a resolución coa relación das persoas aspirantes presentadas ao concurso, con indicación da puntuación recoñecida por cada un dos méritos alegados."

Ao abeiro do artigo 32.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta o requirimento de datos obrantes na administración do Parlamento de Galicia efectuado pola comisión para a subsanación das solicitudes presentadas, considérase necesaria a ampliación de oficio do prazo inicialmente previsto para a correcta valoración dos méritos das persoas aspirantes.

O artigo 3.9 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 22 de marzo de 2021, polo que se aproban as normas reguladoras da bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia, establece que a competencia para resolver o concurso de méritos para a provisión de postos de traballo atribúese á Presidencia do Parlamento de Galicia.

En virtude de las facultades atribuídas polo artigo 4 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia; de conformidade co Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 22 de marzo de 2021, polo que se aproban as normas reguladoras da bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos,

RESOLVO,

Ampliar en quince días hábiles o prazo para que a comisión de méritos publique na web do Parlamento de Galicia a resolución coa relación das persoas aspirantes presentadas ao concurso, con indicación da puntuación recoñecida por cada un dos méritos alegados.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O presidente do Parlamento de Galicia.